



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A ESCOLA DE TEMPO LIBRE DON BOSCO PARA A DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XACOBEANDO, EQUIPOS DE VOLUNTARIADO EN ÁREAS DE ALTA PRIORIDADE DO CORPO EUROPEO DE SOLIDARIDADE

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA FIGURA CONVENCIONAL

Cristina Pichel Toimil, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social e Xuventude

DECLARO

1. Que Xacobeando é un proxecto presentado pola agora Consellería de Política Social e Xuventude á convocatoria centralizada da Comisión Europea publicada o 27 de xullo de 2021 para proxectos de voluntariado en equipo e en áreas de alta prioridade ESC-SOLID-2021-VTHPA. O proxecto foi aprobado con data 2 de marzo 2022 pola Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura da Comisión Europea responsable da execución das accións centralizadas do Corpo Europeo de Solidariedade, programa que como iniciativa da Unión Europea ofrece oportunidades de participación aos mozos de entre 18 e 30 anos para levar a cabo un servizo de voluntariado ou para a participación en proxectos no sector da solidariedade no seu propio país, país da Unión Europea o fora dela (EACEA), EACEA.A Corpo de Solidariedade da Unión Europea. O acordo de subvención (Convenio Grant Agreement-101060311-Xacobeando) foi asinado coa Comisión Europea o 25 de maio de 2022.

2. Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e maila Escola de Tempo Libre Don Bosco, para o financiamento pola Consellería do desenvolvemento do proxecto xacobeando.

O obxectivo do proxecto é acoller a un máximo 80 persoas voluntarias en distintas datas entre xullo e outubro de 2022, para realizar catro bloques de actividades:





- Camiño Inclusivo: acompañamento de grupos con necesidades especiais
- Camiño sostible: actividades de concienciación ambiental
- Camiño dixital: creación de recursos dixitais sobre experiencias no Camiño
- Camiño seguro: accións de información e concienciación de medidas anti Covid-19.

3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1º En virtude do disposto no acordo de subvención asinado coa Comisión Europea o 25 de maio de 2022, a entidade solicitante (Consellería de Política Social e Xuventude) poderá transferir crédito a outras entidades participantes para a realización das actividades do proxecto.

Así, faise necesaria a subscripción deste convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Escola de Tempo Libre Don Bosco e, co obxectivo de garantir o financiamento e o desenvolvemento das actividades a realizar por esta última, como socio coordinador do proxecto presentado á Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura (EACEA), EACEA.A Corpo de Solidariedade da Unión Europea.

En concreto, a Escola de Tempo Libre Don Bosco ten asignadas as tarefas de: envío, viaxes, aloxamento, mantenza e coordinación dos diferentes equipos de voluntarios; asignación de persoas supervisoras e titoras para acompañar aos equipos; seguimento e proceso de aprendizaxe; e xestión da organización das actividades antes, durante e despois da acollida das persoas voluntarias participantes.

2º A Escola de Tempo Libre Don Bosco sita en Santiago de Compostela é unha entidade sen ánimo de lucro de natureza asociativa inscrita no Rexistro Central de Asociacións con número 2018/021980-1ª e inscrita no rexistro de Escolas de Tempo Libre da Xunta de Galicia número G-4 e no rexistro de Acción Voluntaria de Galicia O-6.





Desenvolve a súa actividade desde 1985, cunha ampla experiencia en programas de intervención dende o ámbito da educación non formal e do tempo libre, en especial os proxectos de integración da infancia e mocidade en risco de exclusión social, destacando as seguintes actividades:

- Formación e promoción laboral dos diferentes axentes que interveñen nos procesos de educación non formal nos programas de tempo libre educativo e de intervención sociocomunitaria.
- Promoción do voluntariado: punto de información, formación e asesoramento do voluntariado e entidade de apoio para acollida e envío do voluntariado do Corpo Europeo de Solidariedade.

3º Esta entidade, conta coa capacidade profesional e operativa acreditada coa certificación *Selo de calidade* para levar a cabo actividades solidarias de gran calidade de conformidade cos principios, obxectivos e normas de calidade do CES, condición previa para participar en actividades de voluntariado.

5. Que, existindo unha converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido ademais de que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, *a data de sinatura dixital*

